

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

Concellería de SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



INFORME XURIDICO PROPOSTA E RESOLUCIÓN

Expte: 1649/1102

Asunto: solicitude de acceso a información pública

ANTECEDENTES

En data 18.03.2024, D. [REDACTED] solicita acceso a información relativa a informes sobre os niveis de ruído emitido a inmediacións da alameda da Praza Compostela (para Mercado Temático Nadal), e as rúas Areal, Concepción Arenal, Colon, xardíns de Curros Enríquez e González de Haz para "Parque Lecer, atraccións recreativas e actividades complementarias atraccións correspondentes ás datas previstas entre o 20 de novembro do 2022 ata o 16 xaneiro de 2023. Mapa de ruído da a citada zona en correspondencia coa Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre Avaliación (EDL 2002/29424) e normas internas (Lei37/2003) e Ordenanzas Municipais pertinentes (Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións (BOP 10.4.2008)

No expediente consta a emisión de informe do serizo de Medio Ambiente e Servizo de Comercio.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 08:43	Páxina 1 de 4
1649-1102	[REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que "Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones." É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: "El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información".

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que "ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade" (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que "A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."

SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-

A vista da solicitude formulada emitíronse os seguintes informes:

O servizo de Comercio de data 2.04.2024 emitiu o seguinte informe

" **1.-** Con data 2/11/2022 o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais resolveu adxudicar á empresa Sonen Centro de Acústica e Servicios de Telecomunicaciones, S L, con CIF ***3744>>, o contrato menor para '**Estudio de impacto acústico e medicións acústicas in situ, en relación aos**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 08:43	Páxina 2 de 4
1649-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

diferentes eventos que conforman o programa das Festas do Nadal 2022-2023 de Vigo' (exp. 9144/106).

2.- Con data 10/03/2023 (data de entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo), doc. 230063728, a empresa Sonen Centro de Acústica e Servicios de Telecomunicacións, S L, presentou o informe final de medicións acústicas da Campaña do Nadal de Vigo 2022-2023, o cal se pode consultar no seguinte enlace:

<https://sede.vigo.org/nube/index.php/s/ziLtA5cdRTHYeR5.>”

O Servizo de Medio Ambiente emite informe de data 19.04.2024 no que sinala

“- O vixente Mapa de Ruídos do Concello de Vigo corresponden ó ano 2022 (e tamén os anteriores) é de acceso público e pódese consultar no Portal de Transparencia do Concello de Vigo no enderezo electrónico

https://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_cont_acustica.php?lang=cas

no apartado: “Revisión del mapa estratégico de ruído (MER), año 2022, fase 4ª”

- A zonificación concreta da Praza de Compostela e rúas próximas do vixente Mapa de Ruídos pódese consultar no referido enderezo electrónico.

https://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_cont_acustica.php?lang=cas

no apartado: “Revisión del mapa estratégico de ruído (MER), año 2022, fase 4ª”

no documento pdf: “Planos de ruído Global”, no Plano B2 da páxina 6.

- A vixente Ordenanza Municipal de Protección do Medio Contra a Contaminación Acústica Producida pola Emisión de Ruídos e Vibracións do Concello de Vigo está publicado no BOPPO do 10/04/2008, e pódese consultar, tamén, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo no enderezo electrónico

https://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_cont_acustica.php?lang=cas

Toda vez que a información solicitada constitúe información pública nos termos sinalados no artigo 13 da LTAIBG procede facilitar o acceso ao solicitante a través do enlaces especificados nos respectivos informes.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto fórmase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formuladao por D. [REDACTED] e facilitar o acceso a información solicitada a través do seguintes enlaces:

[REDACTED]
https://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_cont_acustica.php?lang=cas

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 08:43	Páxina 3 de 4
1649-1102	[REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

https://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_cont_acustica.php?lang=cas
https://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_cont_acustica.php?lang=cas

SEGUNDO.- Notificar ao interesado que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.


A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023, 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 08:43	Páxina 4 de 4
1649-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		